

Sr. Alcalde.

Presidentes das asociacións de escritores e escritoras en lingua vasca e catalá.

Compañeiros e compañeiras da AELC, EIE e AELG.

Amigas e amigos.

Sede benvidos e benvidas a esta cidade de Pontevedra.

Convócanos a Federación Galeusca nesta cidade, para celebrarmos a nosa asemblea anual e o Encontro deste 2013, para debatermos sobre a *Literatura Infanto-xuvenil Perspectivas de futuro e novos formatos*.

Vimos a esta cidade de Pontevedra, que visitamos hai nove anos, cando comezaba a ser realidade un proxecto que na súa raíz é tamén o proxecto cultural dunha cidade para os peóns e para os nenos e nenas en particular, ademais de ser sede, ano tras ano, do Salón do libro infantil e xuvenil.

Agradecemoslle ao goberno municipal o seu apoio para celebración deste encontro.

Temos falado en diversos encontros que a historia das nosas literaturas nacionais está vencellada ao devir das nosas nacións sen estado e que, mentres non haxa a normalidade cultural, dificilmente deixaremos atrás sermos culturas minorizadas.

Á literatura correspóndelle non só ser a depositaria da patria senón, e tamén, crear substrato cultural que alimentará o devir das nosas sociedades.

Únenos a nosa defensa insubornábel dos nosos idiomas nacionais e o certo é que estamos a enfrontar retos cuxo éxito dependerá non só da nosas forzas senón tamén da nosa determinación en defender as nosas reivindicacións.

A nova Lei de Propiedade Intelectual, ou a LOMCE, ou os decretos de plurilingüismo na Galiza e nas Illas Baleares, son atrancos no camiño da nosa normalización cultural: afectan directa e negativamente os nosos escritores e escritoras e, no noso caso, a unha fraxilizada industria cultural. Aínda que a literatura xuvenil e infantil é verdadeiramente o buque insignia da nosa literatura.

Permitídmeme unha breve referencia ao que foi a reunión fundacional de Poblet, hoxe camiño dos seus trinta anos pois, nós tamén como Federación Galeusca, somos fillos da nosa propia historia.

Quizais son humildes os froitos mais non a vontade de crear cidadáns e cidadás libres en nacións que constrúan libremente o futuro da súa propia historia.

Cesáreo Sánchez Iglesias
Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega
Pontevedra, 25 de outubro de 2013